

CURSOS TEMPADA 2019-2020

VIAXES AO IMPOSIBLE

(para facer una película, primeiro tes que subir a unha montaña)

24 outubro 2019 – 2 xullo 2020

Debido á crise sanitaria derivada da Covid-19, as sesións presenciais interrumpíronse a partir do 12 de marzo, alterando o programa previsto e calendario inicial. A partir desa data, as sesións foron impartidas online (ver programa calendario pp. seguintes).

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: José Manuel López, coa colaboración de relatores convidados

Lugar: salón de actos

Datas: do 24 outubro 2019 ao 2 xullo 2020

Horario: XOVES, de 19.30 a 21.00

Total número sesións: 23

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 17 de setembro

Prezo: 190€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa acreditación), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.

RESUMO / PRESENTACIÓN

“As viaxes ao imposible son excelentes medios de creación” (Serge Daney)

Por cada filme que chega a ver a luz, moitos son as que permanecen no limbo do non-filmado. Estas son as únicas películas perfectas porque só existen en potencia, como idea ou como soño. En cambio, as que si chegaron a existir serán sempre e necesariamente imperfectas, un catálogo de compromisos e renuncias e, quizais, dalgúns felices encontros. “Todo é posible a condición de ser o suficientemente insensato”, dixo Orson Welles pero, como axiña descubriría, tal optimismo non era máis que o obstinado desexo dun rebelde. Cada filme que chega aos nosos ollos é, polo tanto, un pequeno milagre, un anaco arrincado á escuridade, á nada e ao imposible.

Pode que a beleza do cinema estea precisamente no seu carácter improbable e precedoiro, no milagroso da súa maquinaria tecnolóxica que, como tal, sempre estará a mercede da imperfección, a anomalía, o defecto ou o erro. No interior de cada película aniña a posibilidade do "non ser" e a historia do cinema será sempre unha negociación entre as súas películas posibles, é dicir, aquelas que chegaron a filmarse e aínda se conservan, e as imposibles; aquelas que non se filmaron xamais ou se perderon para sempre.

Unha das máis fermosas historias posibles do cinema —á que se dedica este curso— é a dos creadores melancólicos que, como dixo Walter Benjamin de Kafka, cortexan constantemente "a pureza e a fermosura dun fracaso". Que o queren todo para en ocasións non chegar a nada, que aceptan o azar e a deriva como unha parte máis das súas historias, que seguen avanzando a pesar dos accidentes, que non deixan de buscar o norte por moito que o perderan hai tempo, que viaxan ao imposible para atopar o posible.

PROGRAMA

VIAXES AO IMPOSIBLE

(para facer una película, primeiro tes que subir a unha montaña)

24 outubro 2019 – 2 xullo 2020

Sesión 1 (xoves 24 outubro)

Fitzcarraldo (**Werner Herzog**, 1982) e *Conquista de lo inútil* (**Werner Herzog**, 2004)

Sesión 2 (xoves 31 outubro)

Otelo (**Orson Welles**, 1948-1952) e *Filming Othello* (**Orson Welles**, 1978)

Sesión 3 (xoves 7 novembro)

Happy Together (**Wong Kar-wai**, 1997) e *Buenos Aires Zero Degree: The Making of Happy Together* (**Pung-Leung Kwan**, **Amos Lee**, 1999)

Sesión 4 (xoves 14 novembro)

El espejo (**Andréi Tarkovski**, 1975)

Relator convidado: José Manuel Mouriño

Sesión 5 (xoves 28 novembro)

Esto no es una película (**Jafar Panahi**, 2011) e *Tres caras* (**Jafar Panahi**, 2018)

Sesión 6 (xoves 5 decembro)

Los rubios (**Albertina Carri**, 2003)

Sesión 7 (xoves 12 decembro)

Boyhood (**Richard Linklater**, 2014)

Sesión 8 (xoves 19 decembro)

Irma Vep (**Olivier Assayas**, 1996)

Sesión 9 (xoves 23 xaneiro)

Maya Deren, *amateur*

Sesión 10 (xoves 30 xaneiro)

¿Dónde yace tu sonrisa escondida? (**Pedro Costa**, 2001)

Sesión 11 (xoves 6 febreiro)

El crimen de Cuenca (**Pilar Miró**, 1980)

Sesión 12 (xoves 13 febreiro)

El rayo verde (**Éric Rohmer**, 1986) e *El rayo verde* (**Tacita Dean**, 2001)

Sesión 13 (xoves 20 febreiro)

O cinema como arte de submisión

Relator convidado: Oliver Laxe

Sesión 14 (xoves 27 febreiro)

Shoah (**Claude Lanzmann**, 1985)

Sesión 15 (xoves 5 marzo)

La puerta del cielo (**Michael Cimino**, 1980)

Sesión 16 (xoves 16 abril) [[Sesión online](#)]

An Elephant Sitting Still (**Hu Bo**, 2018)

Sesión 17 (xoves 23 abril) [[Sesión online](#)]

Zama (**Lucrecia Martel**, 2017) e *El mono en el remolino. Notas del rodaje de Zama* (**Selva Almada**, 2017)

Sesión 18 (xoves 30 abril) [[Sesión online](#)]

Vals con Bashir (**Ari Folman**, 2008)

Sesión 19 (xoves 7 maio) [[Sesión online](#)]

Apocalypse Now (**Francis Ford Coppola**, 1979) e *Hearts of Darkness: A Filmmaker's Apocalypse* (**F. Bahr**, **G. Hickenlooper**, **E. Coppola**, 1991)

Sesión 20 (xoves 14 maio) [[Sesión online](#)]

Relámpago sobre el agua (**Wim Wenders**, 1980) e *We Can't Go Home Again* (**Nicholas Ray**, 1973-2011)

Sesión 21 (xoves 21 maio) [[Sesión online](#)]

Tríptico elemental de España (**José Val del Omar**, 1955-1982)

Sesión 22 (xoves 18 xuño) [[Sesión online](#)]

Duelo al sol (**King Vidor**, **David O. Selznick**, 1945-1946)

Sesión 23 (xoves 2 xullo) [[Sesión online](#)]

Ran (**Akira Kurosawa**, 1985) e *A.K.* (**Chris Marker**, 1985)